



Concello de Mugardos
(A Coruña)

DNA. PAULA ESPERANZA RAMOS DÍAZ, Secretaria do Concello de Mugardos, A Coruña.

C E R T I F I C O : Que o Concello Pleno na sesión ordinaria realizada o día 26 de outubro do ano dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo, a parte dispositiva do cal é a seguinte:

“2º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13.-

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE), catro en contra (EU-SON EN COMUN) e 1 abstención (BNG), de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Primeiro: Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, 7 e 8 e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas segundo proposta desta concellería delegada de 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311638036-ea7233d644fe>), no Portal da Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen oportunas.

De non presentarse suxencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entón provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas no BOP de A Coruña, entrando en vigor a partir do día seguinte ao de tal publicación.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”

E para que conste e produza os efectos oportunos, e á reserva do disposto no artigo 206 do R.O.F., asíñase dixitalmente pola secretaria da Corporación, Dna. Paula Esperanza Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos

C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Ramos Díaz, co visto e prace do sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, na data que figura á marxe.

